

Socioloxía da educación e ecofeminismos: docencia e investigación

Caramés Balo, Rosa

Dpto. de Socioloxía e Ciencias Políticas e da Administración

Universidade da Coruña

rosa.carames@udc.es

RESUMO. Tendo en conta a necesidade dunha formación holística para a labor do maxisterio e a súa función socializadora, aproveitase o ceñecemento acumulado polos estudos ecofeministas máis recentes e as súas vinculacións cos plantexamentos vitais alternativos da soberanía alimentaria que se están a levar a cabo en "salpicadas" sociedades da xeografía do noso planeta. Dun xeito resumido poderíase dicir que este enfoque ven sendo a outra posibilidade (tal vez, a outra única solución) de continuidade equilibrada da vida human en contraste coas que plantexan as escolas de negocios e as escolas de finanzas do capitalismo intensivo das nosas sociedades.

Partindo dunha perspectiva comprometida co entorno natural, coa vida real, e a urxencia da súa reestructuración para a sostibilidade propúxoselle ó alumnado de maxisterio da Facultade de Ciencias da Educación a posibilidade de permutar a avaliación a través do exámen da parte teórica da asignatura de Socioloxía da Educación por unha actividade de intervención social (en colaboración con asociación e ONGs da contorna) enraizada nos plantexamentos da vida cotiá do ecofeminismo. A experiencia foi moi positiva, tanto neste curso 2013/2014 levada a cabo de xeito máis extensivo e intensivo que no anterior 2012/2013, que tamen foi valorada de xeito moi satisfactorio, tanto pola profesora como polo alumnado, a pesar do esforzo conquirido.

Este xeito de enfocar a asignatura de Socioloxía da Educación responde á necesidade de reivindicar a labor dunha pioneira do ecofeminismo doméstico: Ellen Swallow (1842-1911), que a pesar de ser rexeitada pola Univ. de Massachusetts pola súa condición de muller para doutorarse, e dende un enfoque interdisciplinar que combinaba a química da auga e a industrial, a metalurxia e a mineraloxía así como os ceñecementos sobre os alimentos e a nutrición, foi capaz de crear un Laboratorio para ofrecer educación científica ás mulleres posto que son as que mellor e máis entenden de sostibilidade e saúde.

PALABRAS CLAVE: socioloxía da educación, maxisterio, mulleres, ecofeminismo, recoñecemento social

Paula Fernández-Gago Longueira, María Inés PernasAlonso, Eduardo Alfonso Caridad Yáñez, María Concepción Carreiro Otero, Cándido López García, Mónica Mesejo Conde

- El acceso a estudios de tercer ciclo y la consecución del doctorado supone un nuevo campo de análisis. Es esta una etapa en la que el número de mujeres y hombres tiende a equipararse, siendo los datos globales de la UDC favorables en cuanto al número de nuevas doctoras. Sin embargo, dentro del ámbito de la Escuela de Arquitectura el número de doctoras arquitectas es inferior al de hombres, siendo tan sólo 16 las que se relacionan desde el año 1990 hasta el 2012. De la misma manera y como consecuencia directa, su presencia como directoras de tesis es mínima, reduciéndose su número a tan solo a 2 de un total de 24 director@s.

- El último marco de estudio se centra en la incorporación a cargos de gestión, donde su presencia es todavía muy escasa y siempre en puestos de Secretaria de Escuela, Jefa de Estudios o Subdirección, sin llegar en ningún momento a la paridad. Nunca ha existido una Directora de la Escuela de Arquitectura. Igualmente sucede con los equipos de Dirección de los Departamentos, pocas mujeres Directoras, siendo algo superior el desempeño de la Secretaria Académica.

Bibliografía

Grupo investigación MAGA (2013), "Las arquitectas gallegas ante el inicio de la carrera universitaria. Etapa docente e investigadora", *Arquitectas y otras profesionales: perspectivas transdisciplinares, jornadas la mujer en el ámbito de la educación superior*. A Coruña, Grupo de investigación MAGA, pp. 63-77.

López González, C. (Coord.) (2013), *Jornadas mujer y arquitectura: experiencia docente, investigadora y profesional*. A Coruña, Grupo de investigación MAGA.

Pérez Sedeño, E. (dir.) (2003), *La situación de las mujeres en el sistema educativo de ciencia y tecnología en España y su contexto internacional*. Programa de Análisis y Estudios de Acciones destinadas a la Mejora de la Calidad de la Enseñanza Superior y de Actividades del Profesorado Universitario (Ref.:S2/EA2003-0031).

Sánchez de Madariaga, I. (Coord.) (2011), *Científicas en cifras 2011. Estadísticas e indicadores de la (des)igualdad de género en la formación y profesión científica*. Unidad Mujeres y Ciencia, Ministerio de Ciencia e Innovación.

Vicente Arregui, G. (2003), "Mujeres en el mundo académico español", *Thémata. Revista de filosofía. La realización de la mujer en las Tres Culturas*, nº 31.

García de Cortázar Nebreda, M.L. (1997), *Mujeres en minoría una investigación sociológica sobre las catedráticas de la universidad en España*. Madrid, Centro de Investigaciones sociológicas.

García de Cortázar, M. y García de León, M. (1994), "Las mujeres ingenieras en España. Un caso de desigualdad en el sistema de enseñanza y en el mercado de trabajo". *Revista de Educación*, nº 305: reformas educativas, pp. 297-319.

1. – Socioloxía da educación e ecofeminismos: docencia e investigación

A biografía de Ellen Swallow (1842-1911) pódese consultar fácilmente a través de innumerables documentos en formato papel e tamén a través das redes informáticas de Internet. Dende a súa labor como docente "non recoñecida" polos académicos da época, resulta ser pioneira na defensa da importancia que ten ofrecer educación as mulleres, non como un dereito humano sin recoñecemento naquelas datas e que frecuentemente esquecemos, para desenvolverse mellor nos ámbitos domésticos das tarefas privadas do fogar, posto que son elas as que levaban a maior parte desta labor social.

É dicir, estamos ante unha precursora do que hoxe se denomina como ecofeminismo doméstico. Este enfoque ecofeminista adoita ter aplicacións sociais de moito pragmatismo, mesmo hoxe en día. Os datos da realidade social reflicten claramente unha división de tarefas entre homes e mulleres, entre o traballo público social e remunerado e o traballo privado doméstico non remunerado. Polo que resulta ser o ecofeminismo doméstico un plantexamento valiosísimo para reiniciar as nosas sociedades doutro xeito e a oportunidade de reasignar valoracións distintas a ambos os dous polos desta dualidade que ata o de agora permanece socioestática. Digamos que nos permite desmarcarnos dos valores opresivos do pensamento xerárquico estático de subordinadas-supraordenados, dos dualismos mecanicistas que non responden ó ordenamento secuencial dos procesos productivos que entenda de accións concatenadas pola dimensión temporal de primeiro, segundo, etc., senon que obedecen ó establecemento de tarefas según unha importancia que se lles ten asignada previamente.

A actividade desta mestra, foi moi importante porque xa a finais do século XIX detectaba como necesidade as de desmascarar as falacias do sutil exercicio do poder que pretenden controlar as rutinas vitais ou estilos de vida da xente, transformándoa en ávidos consumidores e consumidoras, para privilexiar os contextos de mercantilismo especulador dos recursos naturais.

En canto ó traballo de Ellen Swallow, como ten sucedido en moitas outras ocasións as mulleres, a súa aportación foille ocultada á historia (Rowbotham, 1973) ou usurpada por varóns da mesma época ou outras. No patriarcado, a diferenza entre homes e mulleres non é relevante, o que caracteriza á dominación é considerar as mulleres moralmente inferiores ós homes e aplicar esa suposta diferenza moral para xustificar á subordinación de elas a eles. Pero a través do ecofeminismo enténdese que non hai unha única muller, senon que a súa experiencia está urdida pola idade, a raza, clase social, orientación afectiva, estado civil así como os antecedentes culturais.

A día de hoxe, ninguén pode negar o cambio climático nin a pegada ecolóxica deste xeito de producir, intensivamente e entre outras cousas, alimentos, coidados, ocio, etc. Accións irresponsables exercidas por un poder que poderíamos chamar invisibilizador, sobre escolas, hospitais, medios e infraestruturas de transporte, exércitos, a banca, programas televisivos, etc.

veñen campando rampantes dende hai xa demasiado tempo, desprestixiando outros xeitos de vida. A crise alimentaria en toda a súa diversidade vence desenvolvendo dende a desnutrición e fame ata a xeración de diversas enfermidades derivadas da toxicidade, os excesos de todo tipo, etc. e millóns de persoas ou sexa que son hoxe unha realidade globalizada.

Incluso certos plantexamentos feministas obvian a importancia do traballo das mulleres que non é remunerado e precisamente por omisión, estas outras mulleres elididas, científicas ou académicas ou non, son tamén esquecidas. Nembargantes a súa inxente labor é quizais por demasiado importante invaluable, polo tanto, incuantificable economicamente e tamén veñen conformando parte do noso mundo productivo e chegou o momento de telas en conta, de escomenzar a visibilizar o seu traballo.

Suponse que derivada da urxencia da situación que reclama un cambio é hora de poner en marcha, novas formas de facer tamén academia, sobre todo dentro das universidades e das escolas, para intentar reconvertir os rancios esquemas de valores que fan máis mal que ben, e desenvolven danos colaterais tamén. A grave crise socioeconómica que se vive na actualidade e a nivel mundial non ten parangón en toda a historia das nosas sociedades "desarrolladas".

As persoas que temos responsabilidades docentes podemos valernos dos recursos dos que poidamos dispoñer para facerla unha transformación social que se plantexa de inminente necesidade. Así pois, pensamos que unha boa infraestrutura que existe para cambiar un sistema, de xeito non violento parece ser a educación, e neste senso, a formación do futuro persoal de maxisterio é un medio de cultivo principal. As aulas mudan deste xeito en ambientes óptimos de traballo, de reflexión, de crítica constructiva, de alternativas, etc. para todas aquelas persoas que pretenden saír das nosas aulas mellor formadas que cando entraron.

O tratamento e vertebración do concepto da desigualdade social pódese facer de diversos xeitos, pero escollemos outro xeito de poder abordala a través dunha metodoloxía comprensiva. É dicir, procurando darlle materialidade a aquilo que o estudantado estaba a estudar a través das clases teóricas e da lectura de diversos textos máis ou menos clásicos da socioloxía e do pensamento social. Para ilo, fíxose necesario, permutar a actividade de preparación teórica para a presentación dun exámen por a concatenación de diversas accións no interior e no exterior das aulas que dera como resultado un cartafol que contivese de xeito organizado secuencialmente todo o feito e acadado, incluíndo unha breve avaliación colectiva do conxunto de persoas que tiñan elixida esta metodoloxía para levar a cabo a súa avaliación, da parte do exámen de carácter teórico. A continuación se sintetiza unha desas valoracións:

"Nun primeiro momento atopabámonos un pouco desorientados posto que nunca antes cursáramos ningunha asignatura deste xeito vinculado cos temas que tratamos o longo do cuadrimestre... En relación á elaboración dos traballos en grupo atopamos certa dificultade ó momento de organizarnos, posto que resultou complicado que todo o grupo se puxera de acordo, pois non todos os integrantes tiñamos o mesmo punto de vista, igual dispoñibilidade

para quedar polas tardes para completar os traballos correspondentes da asignatura e esto ocasionou certos enfrontamentos pero que fomos superando sendo capaces de solucionar do xeito máis adecuado posible... Como resultado final consideramos que alcanzamos as metas propostas ó principio do cuadrimestre, posto que estamos moi orgullosos do resultado obtido e do crecemento como persoas que acadamos gracias á Socioloxía da Educación."

A metodoloxía que se activa é de carácter cualitativa, polo que non existe unha posibilidade estricte de cuantificación real, si ben hai partes que entrañan aspectos cuantitativos que tiveron que terse en conta para tomar decisións en distintos momentos. Porque esta metodoloxía participativa tamén conleva un alto nivel de corresponsabilidade e compormiso das persoas participantes en todas as cada unha das súas fases, nas que se fai esencial ir tomando decisións a medida que transcurre o traballo en marcha.

As ferramentas empregadas para realízalo traballo foron a nivel material principalmente as aulas e mesas da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, que están dispostas en diferentes recunchos para facilitar o traballo grupal, xunto con diveso material de lectura e, incluso, outras investigacións que se poideron considerar afíns a este traballo. A nivel inmaterial, os foros de debate, os grupos de discusión, a análise crítica, o procedemento de toma de decisión sobre todo na división do traballo e asignación de tarefas foi esencial. As titorías fixas e a posibilidade de titorías alternativas de consulta, supervisión e reorganización, foron tamén de axuda. Así como, o buzón da profesora na Facultade, o despacho, e o correo electrónico e internet.

O proceso deu comenzo a primeiros de novembro, coa búsqueda de distintas organizacións que tivesen como obxectivo a axuda á inxente poboación precarizada que nestes momentos habita os principais núcleos urbáns da nosa contorna. A continuación dispúxose un mecanismo de contactos e concertacións de entrevistas que se distribuíron as alumnas e os alumnos de cada grupo, pero tendo en conta que tiña que ser levado a cabo por subgrupos diferentes de traballo no que os/as entrevistadores/as tiñan que ir acompañados de compañeiros/as dos distintos grupos de traballo para facilitar a transmisión das informacións. Entre todas as organizacións contactadas e entrevistas, e conforme as súas necesidades e recursos a disposición do alumnado para axudar na súa cumplimentación, fíxose unha primeira selección e descarte de organizacións nas que se iba a intervir e nas que non. Así pois, coas que se traballou foi coa Cruz Vermella (gracias tamén á función facilitadora de algún alumnado que xa era membro voluntario da organización) para acadar xoguetería infantil; Cáritas para conquistar e facer donación de alimentos, artigos de hixiene persoal e doméstica, roupa, calzado, etc.; Cociña económica da Coruña na que se fixo principalmente un acopio de artigos de hixiene persoal e doméstica así como xoguetería infantil. Tamén se estivo traballando uns días en contacto directo coas persoas que iban na procura de alimentos a esta organización, servindo nos comedores, a axudar có reparto de alimentos, incorporándose de xeito fluído coa planificación funcional do organigrama, de tal xeito que puideron asistir á apertura de dous comedores sociais que se efectuaron por aquelas datas en distintos barrios da Coruña (últimos días do ano 2013). Hai xente que

ainda hoxe segue colaborando nestas e outras tarefas. Outras organizacións coas que se colaborou foi con Equus-Zebra, sobre todo na recolección de medios para abastecer a xoguetería infantil, propias na nosa cultura, das datas navideñas. Por último, tamén se estableceu unha intervención de colaboración e axuda cunha asociación de veciños de Ferrol denominada Arraigo. Concretamente con esta organización máis precaria e necesitada viviuse unha experiencia inesperada de desbordamento de recursos acadados polos distintos circuitos de redes sociais, familiares e de amizade que se puxeron en marcha. Todo istol fixo preciso que voltaran cunha furgonete máis grande pola tarde que levaron chea de roupa de abrigo e impermeable xa que era o que máis precisaban posto que facían labores de asistencia permanente de ceas quentes no rigor do inverno con persoas transeúntes e sen teito da cidade e arredores de Ferrol, das cales moitas eran mulleres, e que por vergoña refuxiábanse en ruínas ou propiedades abandonadas para non ser vistas nos eidos máis públicos de protección e axuda das outras organizacións das que falamos anteriormente. Por iso que tamén se suministraron unha boa cantidade de artigos de hixiene feminina que foron capaces de conquistar.

Por outra banda, e en paralelo estaban elaborando planificacións de gasto alimentario en equilibrio nutricional para unha familia tipo de cinco membros nos que oubese dúas persoas adultas, dúas menores e unha anciá, cun gasto presupuestario en alimentación diaria máxima que oscilase entre os dez e os doce euros. Para ilo, puxéronse a facer menús e incluso recopilaron receitas das propias maiores da súa familia.

2.- Conclusións

A través deste proxecto educativo ou traballo colectivo de intervención o alumnado pudo interconectar moitos dos temas teóricos traballados como a razón patriarcal, a socioloxía, a desigualdade social, a socioloxía da educación, a ecoloxía, o feminismo. Así mesmo, puido facer reflexións críticas sobre do consumismo irresponsable da nosa cultura e as prácticas do capitalismo exacerbado que se foi vertebrando dende a Ilustración da Revolución Francesa e que se intensificou dende mediados do século XIX, coa extensión da industrialización das nosas sociedades.

Esta metodoloxía participativa non está exenta de convintes tamén, coma calqueira outra pero os resultados de calidade que é capaz de acadar son moito máis evidentes, tal e como se reflexou nunha das valoracións colexivas feitas o traballo realizado (escolléndose ésta porque foi unha das que mellor reflexeaba os inconvintes da metodoloxía).

Como académicas sabemos que facer visible unha situación que se empeñan os poderes en negar sistemáticamente é moi difícil. Por iso, pensamos que a conexión da universidade coa realidade social é fundamental para entendela e para melloralala. Entón baseándonos nos proxectos que se están a levar a cabo de xeito salpicado pola xeografía do planeta sobre da defensa con colexivos de labregas en defensa do dereito humano e universal á unha alimentación sán e sostible, xunto cos recentes plantexamentos urbáns nos que se pretenden retomar as hortas urbáns


que foron arrasadas por os plans urbanísticos que poderíamos denominar da era da burbulla inmobiliaria podemos replantexarnos as actividades académicas que estamos levando a cabo, para mellorar a calidade da nosa docencia. ¿Por qué non levar a cabo dende as entrañas do sistema educativo proxectos que fagan revisar a actividades académicas para complementalas con accións formativas de alta calidade que fagan visible a inxusticia que supón o non recoñecemento de moitos anos de labor das mulleres que se seguen a facer, pese a tódalas adversidades e atrancos que atopan no seu día a día?

Deste xeito poderíanse escomenzar a xerar espazos académicos con liberdade de expresión, ou mellor aínda có exercicio de verdadeira liberdade de cátedra, “limpando os chans pegañentos” ou “sticky floor” seguindo a terminoloxía que plantexa Cockburn (1991) a par que fala dos “teitos de cristal”, tal vez, así poidan desaparecer algún día.

En canto os resultados acadados por estes traballos ademáis da satisfacción persoal tanto da profesora como do alumnado que voluntariamente que involucrou neles temos reflexións e conclusións acadadas polo alumnado sobre la importancia da labor docente como modelaxe dos valores da cidadanía, a importancia da redución do consumo enerxético, a importancia da alimentación sán e equilibrada, a situación da crisis económica derivada de prácticas do capitalismo e da globalización, o impacto que nas mulleres e no mundo infantil está tendo a devantita crise, a necesidade de re-estructurar o sistema de valores que indica que o traballo non remunerado non é importante para a sociedade para así proponer una redistribución equitativa e igualitaria entre homes e mulleres dos tempos de emprego ou de traballo non remunerado (Simmel, 1977) e tamén de ocio, que non necesariamente ten porqué ser consumistas (Riffkin, 1996).

A continuación recolléanse algunhas das imaxes que conformaron parte dos seu traballos como exemplo das aprendizaxes acadadas, así como das dinámicas de colaboración establecidas e da profunda reflexión que lles levou á necesidade de confeccionar plans tamén de aforro enerxético e de hixiene doméstica non contaminante. E que as crisis e necesidades cébanse con maior profundida coas vidas das mulleres e dos nenos e nenas, quizáis dalgunha ou de calqueira escola.





Bibliografía

Cockburn, Cynthia. (1991), *In the way of women. Mens's resitance to sex quality in organiza-tions*, Londres: Macmillan.

Riffkin, Jeremy (1996), *El fin del trabajo. El declive de la fuerza de trabajo global y el nacimiento de la era postmercado*. Barcelona: Ariel.

Rowbotham, Sheila (1973), *Hidden from History*, Londres: Pluto.

Simmel, George (1977). *Filosofía del dinero*, Madrid: Instituto de Estudios Políticos.

A percepción da profesión informática e a súa influencia na baixa matrícula de alumnas no grado

Arias Rodríguez, Alicia
Filosofía y Métodos de Investigación
Universidade da Coruña
alarolu@udc.es

Sánchez Bello, Ana
Pedagogía e Didáctica
Universidade da Coruña
ana.sanchez.bello@udc.es

RESUMO. Este traballo ten por obxecto mellorar a inclusión das mulleres nos estudos relacionados coas TIC, deste mesmo obxectivo é o que move a axenda dixital europea en relación a aumentar a participación das mozas na sociedade da información. A inclusión sen formación, especialmente nun ámbito laboral tan especializado como o tecnolóxico, non é posible e por iso consideramos imprescindible coñecer cales son os factores que inflúen nas alumnas que finalizan os estudos de bacharelato á hora de non considerar os estudos superiores de informática como unha opción maioritaria. A elección de estudos superiores está moi determinada pola rama de especialización á que opten

PALABRAS CLAVE: informática, vocación, elección profesional, xénero

1. – Introducción

Aínda que existen datos moi esperanzadores sobre o aumento no acceso aos medios tecnolóxicos por parte das mulleres (Castiñeiro, Martín e Vázquez, 2008), segue existindo unha clara brecha de xénero no acceso aos estudos superiores de informática por parte das mulleres novas. Os datos confirman que, incluso aquelas mozas que finalizan o bachillerato técnico non se sente atraídas polos estudos informáticos. As titulacións de arquitectura e ingeniería é onde se atopa a maior porcentaxe de mulleres matriculadas na rama técnica, especificamente, en ingeniería química cun 21,41% e a que ten menor porcentaxe é máquinas navais cun 10,87% pero séguelle moi de cerca a titulación de informática cun 15,08% (Instituto da muller, 2012), é dicir de entre todas as carreiras relacionadas coa especialidade técnica, a que se atopa entre as menos atractivas para as mulleres é a ingeniería informática.